



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Aplicación práctica da Lei de contratos do sector público. A integridade e bo goberno na contratación pública

**CONVOCATORIA:** Convocatoria de autonómico do 1º semestre

**GRUPO:** Cursos Autonómico

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	24
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2020
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	2

**DATA MATRÍCULA:** Do 20/02/2020 - 08:00h ao 27/02/2020 - 23:55h

**RESPONSABLE:** ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O curso que se presenta, pretende, en primeiro termo, incidir nos aspectos prácticos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, facendo fincapé nas novidades máis significativas da LCSP nas distintas fases dun procedemento de licitación. O obxectivo do curso é dar a coñecer aos órganos xestores os problemas que se poden derivar na contratación pública, tanto no momento inicial de elaboración dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas como na celebración das mesas de contratación, así como os problemas de execución contractual.

En segundo termo, o curso pretende focalizar a atención no papel primordial que outorga a LCSP na loita contra a corrupción e ao obxectivo da integridade nos procedementos de contratación pública, como o pon de manifesto o propio lexislador ao incluír por primeira vez de maneira expresa o principio de integridade no articulado e entender como un dos seus obxectivos principais o de lograr unha maior transparencia e integridade nas actuacións. A actual normativa esixe unha transformación da contorna de compra pública que pasa necesariamente pola adopción dun rol activo na materia por parte das entidades adxudicadoras e as persoas participantes no proceso de contratación e aprender como xestionar os riscos das distintas fases dun procedemento de licitación ata á finalización mesma do contrato

### DESTINATARIOS

Grupos A, A2 e C1, da administración da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e entes de dereito público dependentes, así como órganos estatutarios.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008). Preferencias: persoal dos grupos A1 e A2 que traballen nos servizos de contratación.

## PROGRAMA

7 módulos, 3 horas por sesión.

- 1.- Novidades da Contratación pública. Referencia ás novidades máis significativas da LCSP. Modalidade Presencial.
2. Confección do pregos de cláusulas administrativas de obras, servizos y subministro da Xunta de Galicia. Cautelas que haberá que ter en conta sobre elementos estruturais na elaboración dos pregos de cláusulas s administrativas particulares. Novo perfil de contratante e a Plataforma de contratos do Sector público autonómico. Modalidade on line.
3. Cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas particulares sobre selección del contratista. Os Criterios de adjudicación na LCSP. Identificación das principias patoloxías detectadas na fase de preparación e selección. Modalidade on line.
- 4.- A fase de adjudicación do contrato. Principias problemas que se presentan nas mesas contratación mesas de contratación ata a adjudicación do contrato. Doutrina contractual dos tribunais de recursos contractuais e das xuntas consultivas. Modalidade on line.
- 5.- A Fase de Execución do contrato. Os efectos, cumprimento e extinción de los contratos. Subcontratación. Especial referencia as modificacións contractuais. Modalidade on line.
- 6.- Integridade, bo goberno e técnicas de compliance na xestión de riscos na contratación pública. O papel do Consello de Contas de Galicia na prevención da corrupción e xestión de riscos no eido da contratación pública. Modalidade on line
- 7.-Clase práctica presencial. O exame final será un cuestionario sobre as sesións impartidas e resolución de dúbidas das tarefas prácticas dos distintos módulos. Modalidade Presencial.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO1

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 13/04/2020 a 30/04/2020

**NUM. PRAZAS:** 35

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 05/05/2020 ás 17:00h

#### DOCENTES NOMEADOS

PATRICIA IGLESIAS REY

ELENA BARBA PAN

Guillermo Tato González

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

Maria Isabel Garcia Garrido

### T02

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 28/09/2020 a 15/10/2020

**NUM. PRAZAS:** 35

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 20/10/2020 ás 11:30h

#### DOCENTES NOMEADOS

PATRICIA IGLESIAS REY

ELENA BARBA PAN

Guillermo Tato González

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

